



A disposición transitoria terceira do Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento dos Servizos de Prevención, establece que a formación como técnico en prevención de riscos laborais, sinalada nos artigos 36 e 37 da norma, poderá ser acreditada a través da correspondente certificación expedida por unha entidade pública ou privada, que conte con autorización da autoridade laboral, **entrementes non sexan determinadas polas autoridades competentes en materia educativa as titulacións académicas e profesionais correspondentes a dita formación.**

O día 30 de outubro de 2007 foi publicado no "Boletín Oficial del Estado" (BOE) nº 260, o Real Decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais.

O artigo 4 establece que: "Os títulos universitarios regulados no presente Real Decreto terán carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, surtirán efectos académicos plenos e habilitarán, no seu caso, para a realización de actividades de carácter profesional reguladas, de acordo coa normativa que en cada caso resulte de aplicación".

O día 9 de xullo de 2008 foi publicada no "Boletín Oficial del Estado" (BOE) nº 165, a Resolución do 26 de xuño de 2008, da Secretaría Xeral do Consello de Coordinación Universitaria pola que se publica a relación dos programas oficiais de posgrao, e dos seus correspondentes títulos, ofrecidos polas Universidades para o curso 2008-2009.

No documento recóllense unha serie de Másters Oficiais en materia de Prevención de Riscos Laborais, entre eles dous na Comunidade Autónoma de Galicia

O Comité Técnico Mixto da Comisión Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo, na súa derradeira reunión, á vista da existencia de títulos oficiais de posgrao impartidos polas universidades que cobren o programa establecido polo anexo VI do Real decreto 39/1997 acordou que a partires do 1 de xaneiro de 2010 a formación correspondente ao nivel



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR

Dirección Xeral de Relacións Laborais

Edificio Administrativo San Lázaro, s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA

superior do técnico en prevención de riscos laborais só poderá acadarse a través destes cursos oficiais de posgrao, agás no caso das comunidades autónomas de Aragón e Canarias (nas que non existen cursos oficiais de posgrao nas súas Universidades), nas que se manterá a vía das entidades formativas autorizadas, co seguinte condicionado:

- Só se admitirán alumnos domiciliados na propia comunidade autónoma
- O curso deberá ser presencial
- A validez do título restrinxirase exclusivamente ao ámbito territorial da propia comunidade autónoma.

Por elo, esta Dirección Xeral non acreditará como técnico en prevención de riscos laborais a ningunha persoa que teña finalizada a súa formación nesta materia con posterioridade ao 31 de decembro de 2009, nin autorizará a realización de cursos que rematen despois desa data.

O que se lle comunica aos efectos oportunos

Santiago de Compostela, 1 de xullo de 2009.

O Director Xeral de Relacións Laborais



Asdo.: Odilo Martínez Rodríguez